

**Otras condicións.**

Prohíbese en xeral calquera acción encamiñada ó cambio de usos por outros de distinta natureza.

Prohíbese a construción de sotos ou semisotos.

Non estarán permitidos, no ámbito deste tipo de solo todas aquelas operacións relacionadas con movementos de terras, sempre que as mesmas supoñan diminución da súa superficie cultivable, así como calquera outra que altere a rede de rego ou o sistema de drenaxe de solos.

**ORDENANZA PF- SOLO NON URBANIZABLE DE PROTECCIÓN DE RIBEIRAS E CANLES.**

Abranguen as presentes ordenanzas as áreas cubertas por augas, de xeito non accidental, como os ríos, encoros, lagos, lagoas, zonas húmidas e pantanosas, e as súas marxes, en función da influencia ou afección, vinculación de uso, ou por mor da salvagarda e conservación do medio natural, comprendidas dentro do ámbito de aplicación da presente normativa, segundo as seguintes determinacións:

**Ámbito de aplicación.**

a) Zonas delimitadas para a ordenanza "PF" nos correspondentes planos destas normas, establecidas de conformidade co previsto nos artigos 12 do T.R. e 93.b do R.P.

b) Na súa penetración en zonas delimitadas como solo urbano e nos núcleos rurais existentes, os ríos, encoros e demais aquí tratados, determinarán unha franxa de solo non urbanizable de protección comprendendo a canle e senllas faxas de 5,00 m. de ancho para cadansúa marxe, como zonas de servidume de uso público, de conformidade co artigo 6 do Regulamento de Dominio Público Hidráulico, último parágrafo, que podese reducir a 2,00 m. no caso da canalización do curso de auga, previa aprobación do preceptivo proxecto técnico polo Organismo Autónomo competente.

**Lexislación aplicable.**

No solo non urbanizable de protección de ribeiras e canles (Ordenanza PF) e en tódolos leitos públicos será de aplicación a lexislación vixente en materia de augas, en particular, a Lei 29/85, do 2 de agosto, de Augas e o Regulamento de Dominio Público Hidráulico, aprobado por Real Decreto 849/86, do 11 de abril.

**Condicións de uso.**

As condicións dos usos e actividades que en candanseu caso estean permitidas por esta ordenanza terán como factor básico o indeclinable respecto ós elementos naturais, ás particularidades hidráulicas, edafolóxicas, ecolóxicas, paisaxísticas e demais propias do medio.

Ningún uso ou actividade será contraposta ós fins sinalados nos artigos 7 e 9 do Decreto 849/1986 no que se refire as zonas de servidume e de policía.

As especies arbóreas e matos característicos das ribeiras son obxecto de protección, prohibíndose calquera actuación ou modificación desta vexetación, coa salvidade daquelas talas ou repoboacións que contén coa específica autorización outorgada polo Organismo da Cunca, e sempre de conformidade coa Lei de 18 de outubro de 1941, sobre repoboación de ribeiras e regos. O respecto os aniñamentos nestas árbores e matos será extremado.

Prohíbese todo tipo de explotación graveira ou areeira.

Prohíbese toda modificación ou actuación sobre o curso natural das augas, coa única excepción daquelas explotacións de fundamento hidráulico, non contaminantes, como os muíños e piscifactorías, que poden introducir canles de derivación para encoros, co conseguinte retorno ó seu caudal, e a consolidación de beiras esfareladas, formación de praias fluviais e outras actuación equiparables que, polo seu incuestionable interés social e utilidade pública contén coa preceptiva autorización polo Organismo de competencia na cunca, outorgable exclusivamente sobre proxectos técnicos garantes do cumprimento de canto se establece nos artigos 89 e 92 da Lei

de Augas e 234 a 239 do Regulamento do D.P.H., que conteñan, ó efecto, os estudos do impacto medioambientais, abranguen-do a exposición detallada dos tratamentos e provisións para garantir a inocuidade dos verquidos ou filtracións, segundo as determinacións expresadas no punto seguinte.

Restrinxirase ó máximo a autorización de verquidos, que en tódolos casos, serán de conformidade cos artigos 92 e seguintes da L.A. e 245 e seguintes do R. de D.P.H., sen que en ningures reborden os niveis admisibles de concentración de substancias contaminantes e produtos nocivos, determinado polo Plan Hidrolóxico da Cunca (art. 254 do R. de A. e Anexos), seguindo os procedementos sinalados na Lei e Regulamento e aplicando co máximo rigor o contido dos artigos 252, 260 e 261 do R. sobre control, modificación, suspensión temporal e definitiva da autorización, para a eficaz salvagarda do medio.

En ningures a aplicación da presente ordenanza poderá contrapoñerse ou dispensar do cumprimento da Lei de Augas, Regulamento de Dominio Público Hidráulico e normativa vixente ó respecto.

**Usos permitidos.**

Nas franxas correspondentes á zona de servidume (5,00 m.) pódense realizar cultivos, sempre que exclúan calquera alteración do terreo, plantado ou tala de especies arbóreas e matos (fora das excepcións sinaladas nas condicións de uso), utilización de produtos que conteñan algunha das substancias contaminantes contidas nas relacións I e II do Anexo o título IV do R.D.P.H., nin que poidan emporca-las augas ou alterarlle o PH. fora dos límites establecidos no Plan Hidrolóxico.

En ningures se dispoñeran elementos que podan entorpecer-lo paso ó persoal da vixilancia, a pesca fluvial, o salvamento de persoas e o varado ou amarre circunstancial de embarcacións, non sendo escusadas desta obriga os muíños, piscifactorías e demais, as que se fixo alusión nas condicións de uso, que deberán deixa-los espazos axeitados.

No restante solo da ordenanza (asumible a zona de policía), permitense, ademais das actividades citadas no punto anterior, a plantación de árbores froiteiras, e arbustos e árbores de porte cativo e propios do medio (vimbeira, queiruga, estripo, salgueiro, loureiro, avelaneiro, etc.), e de xeito illado ou en pequenos agrupamentos as árbores de maior porte (bidueiro, ameneiro, etc.) sen supera-los 15 individuos por Ha.

Permítense pace-lo gando e telo ceibo, sempre que teña coutado o seu acceso ás augas nin se aproxime a menos de 3,00 m. da vexetación característica da ribeira e do límite da zona de servidume, en xeral, dispoñendo a tal fin valos non mestos ou "pastor eléctrico".

Excepcionalmente, o gando poderá aproximarse ás marxes nos puntos con bebedeiros que, en tódolos casos, formaranse por acequia de desvío, impedindo o contacto directo dos animais co curso da auga, así como pocete filtrante intermedio, con decantación, no retorno, amais das medidas de saneamento que, no seu caso, estableza o Organismo de competencia na canle.

Permitense tamén explotacións de abelleiras, sen alvariza.

**Protección da canle en relación coa edificación.**

Coa excepción das edificacións vinculadas ás explotacións con fundamento hidráulico non contaminante ou base fluvial, mencionadas nas condicións de uso, como muíños, piscifactorías, praias fluviais e outras especificamente autorizadas polas circunstancias concorrentes, non se permite edificación algunha dentro da delimitación da ordenanza PF, aínda que teñan carácter secundario ou provisional, como os alboios, cortes, alvarizas, invernadoiros, etc.

O concello, previo informe favorable do Organismo de competencia na cunca, poderá sinalar, para cada tempada, non superior a 5 meses en total por ano, os lugares onde poden permitirse acampadas a colectivos organizados, con fins recreativo-culturais que o soliciten á autoridade municipal, coa obriga de respecta-las datas e condicións que se esixan.

Nas franxas de servidume, nas penetracións do curso en delimitación de solo urbano e núcleos rurais existentes, as franxas de servidume non poden ser ocupadas por construc-

ción de tipo algún, carecendo de aplicación, neste caso, as excepcións expresadas sobre muíños e demais.

Nas praias fluviais poderán levantarse edificacións auxiliares exclusivamente adicadas a aseos, vestiarios e servicios propios da mesma, cunha ocupación, nunha soa planta, non superior ó 10% da superficie homoxénea do espacio para solaz, comprendendo a propia praia, ata un límite de 60,00 m<sup>2</sup>. Coidarase por encima de calquera outra circunstancia a integración coa paisaxe; o seu beiril non terá altura superior a 2,50 m., nin o cumio pasará de 4,50 m. Admítense tamén mesas e bancos rústicos, non movibles, fontes e outros semellantes que, en tódolos casos, cumpran coas previsións de non producir obstrucións nas riadas, así como con todo o expresado de paso de vixilancia, verquidos, e demais.

Os verquidos no curso, procedentes de edificacións, instalación ou actividades calquera que estean fóra da delimitación da ordenanza PF, cumprirán, a tódolos efectos, as determinacións contidas no presente texto.

### ORDENANZA DE PROTECCIÓN E CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO HISTÓRICO, ARTÍSTICO E CULTURAL (PHA).

#### Normativa de aplicación

- Lei 16/85 de 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español (BOE 29/06/85, corrección de erros BOE 11112/85).

- Decreto 571/1963, do 14 de marzo sobre protección de escudos, pedras heráldicas, rolos de xustiza, cruces de ferro e pezas similares de interese histórico artístico (BOE 30/03/63).

- Decreto 22/1949, sobre protección de Castelos (BOE de 5 de maio de 1949).

- Decreto 449/1973, de 22 de febreiro, polo que se coloca baixo a protección do Estado, os "hórreos" ou "cabazos" antigos existentes en Asturias e Galicia.

#### Aplicación

Zonas ou enclaves delimitados ó efecto, edificios, construcións, restos ou xacementos sinalados nos planos do presente ordenamento, identificados como "PHA" e/ou incluídos na "relación de bens protexidos e bens afectados polas determinacións sobre protección e conservación do patrimonio histórico, artístico e cultural" e correspondente "catálogo complementario".

Bens comprendidos no inventario oficial do Patrimonio, situados dentro de ámbito de ordenamento, que por erro ou omisión non figuren nos documentos expresados no parágrafo anterior.

Elementos descubertos con posterioridade á redacción da presente normativa, recoñecida a súa valía ou interese por dictame da Comisión Provincial de Patrimonio.

Zonas, enclaves, edificios, construcións, restos ou xacementos que, no seu caso, sexan inventariados polos organismos competentes en materia de Patrimonio Histórico, Artístico e Cultural, sempre que dita circunstancia sexa comunicada ó Concello a tal efecto.

Elementos illados que, aínda sen estar recollidos nos planos -pola irrelevancia do seu tamaño ou difícil grafía- ou na relación e inventario -polas particulares circunstancias de identificación xenérica- teñen recoñecido o seu interese histórico, artístico e/ou cultural por disposicións dadas ó efecto, como os hórreos e cabazos (Decreto 449/73 de 22 de febreiro), cruceiros (Decreto 571/63 de 14 de Marzo), petos de ánimas, escudos, emblemas, pedras heráldicas, cruces de término e semellantes (Decreto 14 de Marzo 1963).

#### Referencias

As dadas na "relación de bens protexidos e bens afectados polas determinacións sobre protección e conservación do patrimonio histórico, artístico e cultural", "fichas individualizadas" e "catálogo complementario" ou, no seu defecto, as contidas no Inventario da Comisión Provincial de Patrimonio ou dos organismos competentes na materia que estean recollidos na documentación municipal.

#### Características

Os variados elementos sobre os que ten aplicación a presente ordenanza teñen como características comúns a súa valía como testemuña histórica, a súa transcendencia cultural, a súa calidade artística ou as súas condicións paradigmáticas, arquitectónicas, ambientais ou semellantes.

#### Obxectivos previstos

Conservar a preserva-lo acerbo histórico, artístico e cultural, así como adecua-los edificios e espacios contextuais dos bens protexidos para lies da-lo ambiente e realce apropiados.

#### Uso principal

O que veña desenvolvéndose, salvo determinación expresamente indicada na correspondente "ficha individualizada".

#### Usos permitidos

Os que se sinalen na correspondente "ficha individualizada" ou, no seu defecto, os que xa concorran actualmente co uso principal.

#### Tipoloxía

Dos bens protexidos: a que lle veña de seu, ou, cando a presente desvirtuada ou invalidada, a sinalada expresamente ó efecto na correspondente "ficha individualizada" do ben.

Dos bens afectados: a sinalada en cadansúa "ficha individualizada", ou, se non se da especificación ó respecto, a que presente de seu.

#### Aliñacións e rasantes

Dos bens protexidos ou afectados: As sinaladas no Plano da Rede Viaria, Aliñacións e Rasantes, salvo que na correspondente "ficha individualizada" se faga indicación expresa ó efecto. En defecto de ámbalas dúas, as que presente de seu o ben.

#### Recuados

Dos bens protexidos: Salvo indicación expresa na correspondente "ficha individualizada" -se houbera circunstancia que así o esixira- os bens protexidos están dispensados do cumprimento das determinacións sobre os recuados, sendo así que o afastamento respecto a colindantes, viais, etc., corresponden á posición que pola súa preexistencia lle veña dada.

Dos bens afectados: No que se refire ó afastamento dunha construción condicionada pola proximidade doutra catalogada, aterase ó que se sinala na correspondente "ficha individualizada" do ben afectado, sen prexuízo de cumprir cos recuados esixidos polas determinacións xerais, se foran de maior magnitude.

Se a construción afectada estivera dentro da "zona de protección" dun ben catalogado, as determinacións devanditas supeditaránse ó dictame, vinculante, da Comisión Provincial do Patrimonio, previo á concesión de licenza municipal (véxanse as "determinacións particulares" da presente ordenanza).

#### Parcela esixible

##### Para os bens protexidos:

a) Nos bens catalogados por Organismos competentes en materia de Patrimonio Histórico, Artístico e Cultural, tomarase como parcela esixible a que respectivamente figure afecta a cadanseu ben no correspondente inventario e, no seu defecto, a que figure na inscrición catastral.

b) Nos bens de nova catalogación, a parcela esixible considerará á que respectivamente se defina como afecta a cadanseu ben na correspondente "ficha individualizada" e/ou no "catálogo complementario". No seu defecto, a que figure na inscrición catastral ou a que resulte desta e a aplicación das aliñacións oficiais, se houbera modificación delas, no seu caso.

c) En tódolos casos, a parcela esixible dun ben catalogado configurará xuntamente con este unha unidade de protección e conservación de condición indivisible e inseparable dos elementos que estean contidos na mesma.

##### Para os bens afectados:

a) A ordenanza de protección e conservación do Patrimonio aplicada nunha zona delimitada e identificada como "PHA" implica a conservación da estrutura parcelaria tanto dos bens

proteixidos como dos afectados, o que implica tomar como "parcela esixible" a existente catastral, de cadanseu ben, ou a que resulte desta e a aplicación do ordenamento –se houbera modificación de aliñacións– salvo determinación específica sinalada na correspondente "ficha individualizada".

b) Os bens afectados, puntuais, situados dentro dunha zona non cualificada como "PHA", terán como parcela esixible a correspondente a devandita zona onde se ubica, salvo determinación que especificamente se explicita na correspondente "ficha individualizada".

#### Edificabilidade

##### Para os bens proteixidos:

Tanto se están nunha zona especificamente delimitada e identificada como "PHA", como se son elementos puntuais insertos en zona non cualificada así, os bens catalogados conservarán a edificabilidade que presenten de seu, ou, nos casos de reconstrucción, recuperación, eliminación de construción allea e outros semellantes, a que figure no plano de Ordenamento de volúmenes e na correspondente "ficha individualizada", ou, en todo caso, a que resulte de aplicar estrictamente sobre o ben catalogado as actuacións sinaladas e/ou permitidas polo grao de protección que teña asignado.

##### Para os bens afectados:

a) No caso de bens puntuais afectados que estean situados nunha zona non cualificada como "PHA", aplicarase a mesma edificabilidade sinalada pola ordenanza da devandita zona na que se insertan, salvo que a afección implique obriga de redución ou demolición, o que expresamente se sinalara no plano de ordenación de volúmenes, de xeito inequívoco, así como na correspondente "ficha individualizada".

b) Os bens afectados que estean situados dentro dunha zona especificamente delimitada e identificada como "PHA" terán a edificabilidade que expresamente figure para cadanseu no Plano de Ordenación de Volúmenes e nas respectivas "fichas individualizadas" e, na ausencia de ámbalas dúas determinacións conservarán a edificabilidade que teñan, así como as condicións de aproveitamento baixo cuberta, a formación ou non de soto ou semisoto, ocupación e demais concorrentes en cada caso.

#### Obras permitidas

Nos bens proteixidos: Permítense estrictamente as obras autorizadas para o "grao de protección" que teña asignado cadanseu ben –vexase no anexo relativo a "determinacións sobre protección e catalogación do Patrimonio Histórico, Artístico e Cultural" o referente a graos de protección, chave de codificación, tipos de obras e demais contido ó efecto– e as que particularmente se expresen na correspondente "ficha individualizada", no seu caso, para a adecuación do ben catalogado, coa obriga de execución e responsabilidade consecuenta sinalada pola lexislación vixente.

Nos ben afectados: Permítense tódalas obras conducentes a cumprir coas esixencias da afección ou condicionamento especificado para cadanseu ben na correspondente "ficha individualizada", así como as que, sen contraponerse ó devandito fin, se traduzan nunha mellora do elemento e da súa adecuación ó medio, no sentido sinalado no art. 138 da L.S.

### DETERMINACIÓNS PARTICULARES

#### Zonas de protección:

Ademais das determinacións directamente aplicables sobre os bens catalogados, para a súa protección e conservación, e da adecuación que, no seu caso, recae especificamente sobre os afectados en razón da súa inmediata proximidade, harmonización ambiental ou realce, establécense unhas distancias de protección e respecto, con carácter xeral, ó arredor de cada ben incluído no patrimonio obxecto de protección, configurando unha área envolvente limitada por unha liña homotectica co perímetro do ben catalogado e/ou dos seus elementos máis externos, entendéndose, entre eles, o propio límite da parcela afecta.

En tanto non estean comprendidas en Plan Especial de Protección, as zonas citadas obrigan a dispoñer de informe previo da Comisión Provincial do Patrimonio –que terá carácter vinculante– para a realización de calquera das actividades enumeradas no art. 242 da L.S. dentro dos límites das devanditas áreas.

Con carácter xeral, os traballos arqueolóxicos (supervisión de obras, sondeos, excavacións en área) que a Comisión Territorial do patrimonio Histórico determine que deberán realizarse de forma previa á concesión de licenzia municipal, serán sufragados salvo excepcións polo promotor das obras.

O límite da zona de protección, segundo os distintos bens e circunstancias, estará situado ás seguintes distancias do perímetro do ben catalogado:

BEN PROTEIXIDO	DISTANCIA DE PROTECCIÓN	OBRIGACIÓN QUE IMPLICA (*)
SOLO NON URBANO		
Restos arqueolóxicos (mámoas, dolmens, petroglifos, castros, xacementos, etc.)	200.00 m.	O informe que, con carácter vinculante emita en cadanseu caso a Comisión Provincial de Patrimonio, pode determinar, en xeral, a prohibición de movemento de terras, obras hidráulicas, actividades industriais, edificacións que se acheguen, oculten ou prexudiquen o ben, podendo, nos casos máis restrictivos, impedir calquera construción en toda ou parte da zona. En todo caso, tomaranse sempre medidas para precautorias novos achadegos e para o respecto ambiental.
Elementos arquitectónicos (mosteiros, conxuntos parroquiais, igrexas, capelas, santuarios, cemiterios, pazos, castelos, pontes, fontes, etc.)	100.00 m.	Ademais do respecto ambiental e paisaxístico, terase moi presente a harmonización.
Elementos etnográficos (hórreos, pombais, cruceiros, petos, fornos, feiras, muíños, etc.)	50.00 m.	Ademais do sinalado para os elementos arquitectónicos debe considerarse, nos etnográficos, a posibilidade de asumilos en contextos vividos, non museais nin arcaizantes, mais sempre dignos.
SOLO URBANO		
Parque, xardín, rúa, praza	Propio ámbito	Harmonización
Edificio	Colindantes	Harmonización
Conxuntos monumentais, grandes construcións monumentais	Entorno inmediato	Harmonización
Ponte, fonte, cruceiro, monumento escultórico e equiparables	15.00 m.	Non altera-lo ambiente, excepto para adecentamento, axeitado axardinamento, iluminación ornamental.
Restos arqueolóxicos, vestixios históricos, etc.	Perímetro da propiedade, se é solo privado, ou perímetro do espazo público	Suspensión cautelar de obras, ata providencia que determine posible extracción dos elementos ou resolución ó efecto.

(\*).-Sen prexuízo das determinacións que especificamente sinala a Comisión Provincial do Patrimonio, ó efecto.

No que se refire a outros elementos do acervo histórico, artístico e cultural para os que, polas súas peculiares características, non se establece zona de protección, terase conta, nembargante, de manter nas condicións visibles merecentes, sen lle levantar impedimentos por diante nin achegarlle outros elementos estrños ou que desvirtúen a imaxe orixinaria ou causen prexuício. Encontranse entre estes bens patrimoniais os escudos heráldicos, reloxios de sol, acróteras, imaxes, gravados, pinturas, etc.

O achádego de calquera peza, elemento, resto ou parte oculta que se presúman de carácter arqueolóxico, condición artística, documental ou de valía semellante, poñerase en coñecemento da Comisión Provincial de Patrimonio Histórico, Artístico e Cultural, suspendendose cautelarmente os traballos

que no seu caso poderan afectalos ata que se teña dictame e providencia ó efecto, do que se dará, asemade, conta á corporación municipal, tal como se sinala tamén, ó respecto, na execución de obras tipo "T" e "U" (movemento de terras, demolicións) no Anexo sobre protección e catalogación do Patrimonio.

O catálogo de Bens Arqueolóxicos, aséntase nun carácter de provisionalidade permanente, que permite a inclusión inmediata de calquera novo ben Arqueolóxico descuberto e a especificación do seu ámbito de protección.

O Axuntamento no prazo de 2 anos fará unha delimitación e estudo dos xacementos arqueolóxicos, por término competente, que se incorporará as Normas como modificación puntual a mesma.

CATALOGO COMPLEMENTARIO DE MONUMENTOS E CONXUNTOS HISTÓRICO ARTÍSTICOS OBXECTO DE PROTECCIÓN.

Parroquia	Nível protec.	Elemento principal polo que se identifica. Denominación	Observacións	Núm. Ident.
ARDEMIL	9.3.2	IGREXA PARROQUIAL DE SAN PEDRO	75	P6
	7.3	ERMIDA DE SAN PEDRO		76
	9	A Torre (Morgade)		1
	9	Mámoa (A Brea-Mesón do Vento)		2
	9	Coto dos Castros (Castro)		11
	9	Coto da Croa (Porto)		12
	9	Mámoa Cantera Pequena (Porto)		13
BARBEIROS	9.3.2	IGREXA PARROQUIAL DE STA. MARIA		77
	9	A Medorra (Mandayos)		39
	9	O Castro (Baltares)		41
	9	O Castro (Uzal)		45
BEAN	9.3.2	IGREXA PARROQUIAL DE STA. MARIA	Destruído	78
	9	As Medorras (Cercedo)		60
	9	A Medorra (Aldea de Abaixo)		61
	9	Mámoa (Cercedo)		62
	9	Alisbado do Cacheiro (Aldea Abaixo)		63
	9	As Cenicas (Vilasuso)		64
	9	O Castro (Requian-Fonte da Viña)		65
BUSCAS	9.3.2	IGREXA PARROQUIAL DE S. PELAIO	(XII-XVIII Románico e Barroco)	79
	7.3	ERMIDA DE SAN XOSE		80
	9	A Medorra (Framilláns)		10
	9	Os Castros (Rúa)		26
	9	A Torre (Rúa)		27
LEIRA	9.3.2	IGREXA PARROQUIAL DE STA. MARIA	(XVIII Barroco)	18
	7.3	ERMIDA DO SANTO CRISTO		21
		PAZO DE CODESADA		30
	9	Coto dos Castros (Meitufe)		3
	9	A Medorra (Meitufe)		4
	9	O Castro (Meitufe)		5
	9	A Torre, O Castro (Mososo)		6
	9	Os Castros, As Medorras (Castiñeira)		7
	9	Os Castros (Aliboya)		8
9	As Medorras (Pedreira)	9		
LESTA	9.3.2	IGREXA PARROQUIAL DE SAN ANDRES		83
	9.3.2	HORREO-MUIÑO (igreja)		33
MERCURIN	9.3.2	IGREXA PARROQUIAL DE S. CLEMENTE	XIII Gótico	35
	9	Monte da Medorra (Cruceiro)		19
	9	Os Castros (Guntrín)		20
	9	O Castro (Trasmil)		22
	9	Os Castros, A Medorra (Portela)		23
MONTAOS	9.3.2	IGREXA PARROQUIAL DE SANTA CRUZ		37
	7.3	ERMIDA DE SAN ANTON		82
	9	As Medorras (Fosado)		53
	9	Castro do Dono (Chan)		54
	9	As Medorras (Sta. Cruz-Porta dos Condes)	55	

Parroquia	Nivel protec.	Elemento principal polo que se identifica. Denominación	Observacións	Núm. ident.
	9	O Castro (Carrás)		58
	9	Tras do Castro (Carrás)		59
ORDENES	9.3.2	IGREXA PARROQUIAL DE STA. MARIA	XIX Neoclásico	40
	9.3.2	CRUCEIRO DA VIRXEN DE LOURDES		42
		CASA DE VIDUEIRO		44
		PAZO DE PEÑASCO	XVII-XVIII Renacemento e Barroco	
	9	Monte do Castro (Casa)		34
	9	O Castro (Espanica)		36
	9	ERMIDA DE VIDUEIRO		81
PARADA	9.3.2	IGREXA PARROQUIAL DE STA. MARIA		56
		CASA DE PARADA	XII-XVIII Románico e Barroco	57
	9	As Medorras (Carballeira)	Destruídas	47
	9	Achados (Pazo)		48
	9	A Medorra (Castro)		50
	9	O Castro (Pumaríño)		51
	9	A Medorra do Gavián (Arroyo)		52
	9	Coto da Medorra (Castaños)		24
	9	O Castro (Castaños)		25
	9	A Medorra (Castende)		32
PEREIRA	9.3.2	IGREXA PARROQUIAL DE STA. EULALIA		66
	9	O Castro (Aldea Nova)		46
	9	A Chousa do Carballo (Carballo)		67
	9	A Eira da Igrexa, O Bromeiral		68
	9.3.2	PONTE VELLA (Mendo-Igrexa)		69
POULO	9.3.2	IGREXA PARROQUIAL DE SAN XULIAN	XII Románico	70
		CASA DE FELIPE II	XVI Renacentista	71
	8.3	CAPELA DA MERCE		72
	9	O Castro (Pardiñas)		38
	9	O Castro (Senra)		43
VILAMAIOR	9.3.2	IGREXA PARROQUIAL DE SANTIAGO		73
	7.3	ERMIDA DO SOCORRO		74
	9	A Medorra (Adrán)		16
	9	Os Castros (Armeixeira)		28
	9	O Castro (Castro)		29
	9	A Vixia (Armada)		31

## DISPOSICIÓN ESPECIAL DE PROTECCIÓN ARQUEOLÓXICA

### Ambito de Aplicación.

a). Teñen obriga do cumprimento da presente Disposición Especial totalas actuacións relativas a construcións, demolicións, escavacións, recheos e movemento de terras en xeral, así como a plantación e arrinque de árbores, os cultivos que requiran labouras profundas, e a apertura de pozos ou minas nas propiedades situadas nos lugares, enclaves ou delimitacións sinaladas con protección arqueolóxica nos planos; que estean descritos con esta protección no catálogo, ou especificados dambalas dúas formas ou dalgún outro xeito no ordenamento.

b). Será de aplicación a Disposición Especial de protección Arquelóxica nos espazos ou sitios que sen estar comprendidos en delimitación específica da forma sinalada en a) concorran as circunstancias de achádego sinaladas no último punto desta Disposición.

c). A aplicación da Disposición Especial por mor das circunstancias descritas no apartado precedente, é procedente con independencia da ordenanza que en particular corresponda á propiedade en razón das súas condicións de ordenación, que, no seu caso, deberán incluso modificarse na forma precisa para preserva-lo xacemento ou salvagarda-las extraccións do material arqueolóxico, todo lo que será sempre consecuente co dictame que ó efecto emita a Comisión Provincial do Patrimonio e que recollerase expresamente nas condicións en que se otorgue a licenzia.

### Licenzias de obras para escavacións, movemento de terras, demolicións e labouras en zonas, enclaves ou lugares con protección Arqueolóxica.

